

O ISLAM E AL-ÁNDALUS

1.- Completa:

- O islamismo é unha relixión xa que predica a existencia dun único deus, denominado Os crentes desta relixión denomínanse
- Esta relixión foi predicada por na Península a principios do século.....
- Os habitantes de Arabia nese momento eran O centro relixioso máis importante era, que albergaba a pedra negra da, a onde acudían moitos
- Cando Mahoma comezou as súas prédica tivo poucos seguidores e foi polas súas ideas. No ano fuxiu da e dirixiuse a Medina.
- Esta fuxida denomínase....., e marca o inicio do calendario
- No ano, cando morreu Mahoma, a maioría dos árabes era

2.- Contesta as seguintes preguntas breves:

- Como se chama o libro sagrado dos musulmáns?
- Que fan os ulemas?
- Que fan os imáns? Onde se sitúan para facelo?
- Que é a mesquita?
- Cal é o día sagrado dos musulmáns? Que é obrigatorio facer nese día?

3.-Completa o relativo os cinco deberes básicos que establece o Islam:

- Crenza nun só deus, e considerar a o seu profeta.
- Oración veces ao día (entre a aurora e a noite) en dirección á Pode orarse só ou
- Práctica da
- (durante o día) no mes do Ramadán (novenos meses lunares)
- Peregrinación á unha vez da vida se hai (económicas e de saúde) de realizala.

4.-Observa o mapa e contesta:



- En que continente se orixinou o Islam?
- Completa:
 - o Á morte de Mahoma estaba unidos politicamente case todos os territorios da península
- Que dinastía musulmá conquistou os territorios da península Ibérica? Conquistaron algún territorio ao norte dos Pireneos?
- Cando comezou a conquista de península Ibérica? Cando se pode dar por rematada e controlados estes territorios? Como chaman os musulmáns a ese territorio?

- Foi rápida a conquista da península Ibérica? Por que?

Si, foi rápida porque os musulmáns atoparon moi pouca resistencia da poboación e moitas cidades abríronlles, mesmo, as portas. O reino visigodo estaba sumido nunha profunda crise económica e política (había partidarios da monarquía hereditaria enfrontados aos da monarquía electiva, partidarios de don Rodrigo).

- Que territorios da península Ibérica non foron conquistados polos musulmáns?

As zonas montañosas do norte da Península Ibérica (Montañas cántabras).

- Que territorios foron axiña independentes do poder musulmáns? (Mira os mapas das páxinas 30 e 31 antes de contestar)

Todo o norte peninsular, onde se formaron os diferentes reinos cristiáns (Asturias, Castela...) e a zona limítrofe cos Pirineos, onde o reino franco tiña a chamada MARCA HISPÁNICA.

5.-Le a pregunta “esplendor económico e cultural” (p. 29) e a final da 30 e contesta:

- Eran tolerantes con outras relixións os musulmáns da época da conquista?

Si, en xeral eran tolerantes: de feito os mozárabes eran cristiáns que decidiron quedar a vivir nos territorios conquistados polos árabes. De todos os xeitos, ás veces eran perseguidos e moitos fuxiron ao norte peninsular.

- Que son os muladíes?

Os cristiáns que, tras a conquista, se convertiron ó Islam e adoptaron as costumes dos árabes.

- Que son os mozárabes?

Os cristiáns que seguiron practicando a súa relixión e vivindo en territorios dominados polos árabes.

6.-Que ocorreu en Al-Ándalus no 756? Que supuxo isto?

Nese ano, o derradeiro membro da dinastía Omeia estableceuse en Al-Andalus e rompeu co Califato de Bagdad, proclamando o Emirato Omeia de Córdoba (rompeu, pois, a unidade política do Imperio Islámico).

7.- Completa o cadro que aparece a continuación referido ás etapas en que se divide a historia de Al-Ándalus:

Datas	Denominación	Capital / Capitais	Máxima autoridade en Al-Ándalus ou nas taifas	Dependencia política ou independencia
711 a 718	Conquista	Córdoba	Valí	Califato de Damasco
718 a .756.....	Emirato dependente	Córdoba	Valí.....	Califato de Damasco (ao final ascenden abasidas)
756 a 929	Emirato independente.....	Córdoba	Emir	Independencia política
929 a 1031	Califato de Córdoba	Córdoba	Califa	Independencia relixiosa
1031 a 1086/1117	1ª Taifas	Tantas como taifas	Diferentes titulacións	Independentes e varias
1086 a 1144	Imperio almorábide			Dependencia do Imperio Almorábide
1144 a 1172/1203	2ª Taifas	Tantas como taifas	Diferentes titulacións	Independentes e varias
1146 /1172 a 1224	Imperio almohade			Dependencia do Imperio
1224-1266	3º Taifas		Diferentes titulacións	 e varias
1238 a 1492	Reino nazarí de Granada	Granada	Rei ou sultán dinastía Nazarí	Independente

Fíxate que ás veces **aparecen dúas datas de inicio ou finalización dun período**. Isto ocorre porque **non todas as taifas desaparecen á vez**, así ás veces xa temos aos **almorábides ou almohades controlando determinadas áreas** mentres que **outras taifas manteñen a súa independencia**. No voso libro establece un **único período de taifas e época de dependencia dos imperios almorábides e almohades**.

Pinta en amarelo os momentos en que existen unidades políticas independentes (cando non dependen de ningún imperio).


8.- Que se representa neste mapa? Con que período do cadro anterior se corresponde?

Representase a **expansión dos almorábides (pobos do norte de África)**. Isto correspóndese coa fase do imperio almorábide.



9.- Que se representa neste mapa? Con que período do cadro anterior se corresponde?


Neste mapa represéntase a expansión do Imperio almohade e correspóndese coa etapa do Imperio almohade.



10.- Recorta os mapas e colócaos no lugar correspondente. Para facelo podes observar primeiro os mapas do libro. Tamén podes entrar nesta páxina de internet e resolvelo antes de facer o recorte.

EVOLUCIÓN AL-ÁNDALUS

Arrastra cada mapa a su lugar correspondiente según la evolución de Al-Ándalus (de más antiguo a más reciente). A continuación, arrastra también el nombre de cada periodo:



711 - 756

756 - 929

929 - 1031

1031 - 1085

1085 - 1144

1172 - 1212

1238 - 1492

CALIFATO DE CÓRDOBA

REINOS DE TAIFAS

EMIRATO DEPENDIENTE

IMPERIO ALMORÁVIDE

REINO NAZARÍ DE GRANADA

IMPERIO ALMOHADE

EMIRATO INDEPENDIENTE

11.-Cando desapareceu o último territorio musulmán na Península Ibérica?

No ano 1492, cando Boabdil, o derradeiro rei de Granada, se rendeu ante os Reis Católicos.

12.-Define:

Al-Andalus estaba dividido nunha 21 provincias ou CORAS.

- Califa: cargo que tiña poder absoluto (xuíz supremo, máxima autoridade relixiosa e xeneral dos exércitos).
- Emir: cargo político que non ten poder relixioso.
- Valí: gobernador que ten poder civil e militar.
- Visir: ministro.
- Taifa: cada un dos reinos independentes nos que se dividiu Al-Ándalus no século XI, ao desfacerse o califato de Córdoba.

13.-Le as páxinas 34 e 35 e realiza as actividades.

- Que actividades económicas se realizaban nas zonas rurais?
Realizábanse actividades agrícolas, con novas especies de plantas e co predominio do regadío.
- Cales eran os principais cultivos nas terras de secano?

Cultivábanse cereais e árbores froiteiras.

- Que son as terras de regadío? Que vantaxes teñen estas fincas?

Son terras que se regaban con auga dos ríos ou de pozos construídos segundo técnicas traídas polos árabes. A vantaxe desas terras é que poden recibir auga todo o ano.

- Cales son os principais cultivos nas zonas de regadío?

Cultivábanse hortalizas e verduras, especias e arroz.

- Cales son as principais técnicas para extraer a auga?
 - **As rodas hidráulicas**, movidas pola forza das augas fluviais, servían para extraer augas dos ríos.
 - **Os pozos** servían para extraer augas subterráneas.
 - **As aceas** eran canalizacións de augas para levalas ata os campos de cultivo.

14.-Le as páxinas 36 e 37 e realiza as seguintes actividades:

- Que actividades económicas predominan nas cidades?

Había artesáns, que facían manufacturas, facíanse nos mercados intercambios de produtos agrarios e artesanais e conectábanse as rutas comerciais nacionais e internacionais.

- Que son os zocos?

Os mercados das cidades de Al-Andalus.

15.- Completa:

- “Para facilitar os intercambios comerciais circulaban moedas. As principais eran o **dinar de ouro** e o **dirham** de prata. O dinar equivalía a 10 dirhams. Trabábase pois dun sistema bimetálico. As moedas gozaban de moita estabilidade.

16.-Analiza as características das cidades musulmáns da Idade Media. Le o libro e observa a imaxe da páxina 37 antes de contestar.

- Plano (regular ou irregular): irregular.
- Como eran as rúas: anchas.
- Tiñan murallas? Si.
- Cales eran os principais edificios?

Eran o **ALCÁZAR** (onde estaba o goberno), a **MESQUITA** (lugar de culto), ambos situados no centro da cidade, chamado **MEDINA**; tamén había un **ZOCO** (mercado) e nas súas proximidades estaban as **ALFÁNDEGAS** (hospedarías ou casas públicas destinadas á compraventa de trigo) para as caravanas que chegaban ás cidades; as mercadorías máis valiosas vendíanse nas **ALCAICERÍAS**, espazos cerrados dentro do zoco.

- Onde se situaba a alcazaba? Por que?

As **ALCAZABAS** estaban sempre construídas na parte máis elevada da cidade: eses palacios fortificados servían para avistar posibles invasións e protexerse delas.

17.- Que son os arrabaldes?

Os arrabaldes eran barrios situados fóra das cidades.

18.-Podemos clasificar á poboación de Al-Ándalus seguindo diferentes criterios, completa:

- **Segundo a súa orixe** (lugar de procedencia destes ou dos seus antepasados): árabes, **bérberes e muladíes**.

- **Segundo os seus títulos e poder económico:** aristocracia, **comerciantes** e pobo
- **Segundo a relixión:** musulmáns, **mozárabes e xudeus**.

19-Analiza as características da arquitectura de Al-Ándalus. Para elo debes ler as páxinas 40 e 41 do libro de texto. Podes tamén buscar a información noutros medios.

a. Tipos de edificacións máis representativos: **mesquitas, palacios, fortalezas, zocos, baños públicos e escolas**.

b. Observa a imaxe da mesquita da páxina 21 e indica:

1. Que é o alminar o minarete? Cal é a súa función?

O MINARETE é unha torre da mesquita desde a que se chama á oración.

2. Por que as mesquitas teñen unha fonte no patio?

Para que os fieis poidan purificarse coa súa auga.

3. Cara onde está orientada a quibla (normalmente) nas mesquitas?

A quibla é un muro da mesquita orientado cara á Meca.

4. Cal é a parte máis sagrada e decorada da mesquita?

A MIHRAB, que é unha capela situada na quibla.

5. Que elementos se usan para dividir a sala de oración en naves? (fíxate tamén na páxina 41 para contestar)

Divídense con columnas e arcos.

c. Materiais usados na construción indicando cales son os máis frecuentes.

Usábanse, sobre todo, LADRILLO e MADEIRA.

d. Representase a Ala no interior das mesquitas? Hai escenas relixiosas no interior das mesquitas? Xustifica a resposta.

Nas mesquitas non aparecen imaxes de Alá nin outras escenas relixiosas: iso débese a que o Corán prohibía a representación de imaxes humanas.




e. Indica en que consiste cada unha das seguintes tipos de decoración:

1. Lazaria: **decoración das superficies de muros con motivos xeométricos.**

2. Ataurique: **decoración das superficies de muros con motivos vexetais.**

3. Caligráfica: **decoración das superficies de muros con textos do Corán.**

f. Identifica as partes dunha columna



j. Bóvedas e cúpulas máis habituais:



1



2



Fachada do mihrab
(época de Al Hakan II)

Concebida como un pórtico en forma de arco de ferradura, enmarcado nun **dobre alfiz** (moldura rectangular que deixa uns espazos intermedios ou **albanegas** que se decoran de forma exquisita) As **doelas** **decóranse** con **ataurique** alternando **as cores**.